

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 26 de abril de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 26/04/2017.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 26/04/2017.
- III. Memoria do Máster en Xeoinformática.
- IV. Calendario Escolar e TFG 2017-18.
 - Calendario Escolar 2017-18.
 - Calendario TFG 2017-18.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 15 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o 23 de febreiro de 2017.

Enviouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola, a ligazón á sección de DESCARGAS /ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro onde xa estaba publicada pendente de aprobación:

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/descargas-de-documentos/descargas-de-actas-e-gastos/actas-xunta-da-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2017.

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- Na fachada da Escola substituíronse o nome e as lonas por uns que inclúen os novos nome e imaxe. Colocáronse tamén nas portas de acceso da Escola vinilos co logotipo, símbolo e a nova dirección web.

- Enviouse un correo electrónico á comunidade da Escola informando de que está dispoñible na web, <http://minasyenergia.uvigo.es/es/etseminas/destacado-na-eme/>, a información e recomendacións de uso da nova imaxe corporativa da Escola. Diseñouse material gráfico (logos, símbolos) e documentos básicos (doc, ppt,..) personalizables coa nova imaxe.

- Solicitáronse tamén novos correos electrónicos:
 - DIRECCION: eme.direccion@uvigo.es
 - SUB. PROGRAMAS DE INTERCAMBIO E RRII: eme.internacional@uvigo.es
 - SUB. DE INFRAESTRUTURAS E AAEE: eme.infraestructuras@uvigo.es
 - SUBDIRECCION ORGANIZACIÓN ACADEMICA: eme.orgdocente@uvigo.es
 - SECRETARIA: eme.secretaria@uvigo.es
 - NEGOCIADO DE ASUNTOS XERAIS: eme.negociado@uvigo.es
 - CONSERXERIA: eme.conserjeria@uvigo.es

- Aproveitando o cambio de nome e imaxe e dado os problemas actuais da web, estase a implementar unha nova web.

- Iniciouse unha campaña de difusión da Escola: actividades, oferta formativa, bolsas, ofertas de emprego ... a través das redes sociais. Creáronse vínculos na páxina principal da web da Escola: <http://minasyenergia.uvigo.es/es/>
 - Facebook: <https://www.facebook.com/escuelaminasyenergiavigo/>
 - LinkedIn (Escola) <https://www.linkedin.com/company-beta/11026512/>
 - LinkedIn (Antigos Alumnos) <https://www.linkedin.com/groups/8591687>
 - Instagram: <https://www.instagram.com/escuelaminasyenergiavigo/>
 - Twitter: <https://twitter.com/ETSEdeMinas>

- Youtube: <https://www.youtube.com/channel/uc0-4jP2KBPwuMBBuSbBP5hg>
- Blog: <http://minasyenergia.uvigo.es/blog/>
- A Escola participou na Feira de Minerais de Santiago de Compostela celebrada do 2 ao 4 de marzo coa Exposición itinerante de “Recursos naturais de Galicia”, unhas vitrinas sobre os "Usos industriais dos minerais" e a impartición de dúas charlas sobre os "Recursos Minerais de Galicia" a alumnado de ESO e bacharelato.
- A Dirección asistiu o 6 marzo á xornada “mobilidade baixa en emisións” celebrada en Vigo con motivo do Día Mundial da Eficiencia Enerxética, organizada pola Xunta de Galicia.
- Do 8 ao 10 de marzo celebrouse no hall da Escola a XVII edición do “Foro Tecnolóxico de Emprego” organizado por estudantes de Telecomunicacións, Minas e Enerxía e Industriais. Este ano participaron (Charlas, Talleres, Caseta e Patrocinio) as asociacións que colaboran habitualmente coa Escola: Acluxega, Arigal, Cámara Mineira, COIMNE, COITM Galicia). A Dirección agradece ao alumnado e ás asociacións a súa participación.
- O 7 de marzo recibíuse unha Instrución do Vicerreitorado de estudantes sobre “Aplicación de prazos especiais para o procedemento de avaliación curricular nas titulacións L.R.U. de Enxeñaría”:

Convocatoria	Prazo entrega de actas	Solicitude de AC	Admisión a trámite Comisión Permanente / COAP	Constitución das Comisións de Avaliación
2º Cuadrimestre	De 10/04/2017 ao 10/06/2017	Desde o inicio do período de exames ata 3 días despois do peche do período de entrega de actas	Antes do 31 de xullo	Antes do 11 de setembro
Xullo	De 21/06/2017 ao 14/07/2017		Antes do 31 de xullo	Antes do 11 de setembro

- O subdirector Higinio González asistiu o 16 de marzo ao acto de entrega dos Premios INCUVI_EMPRENDE e INCUVI_AVANZA organizada pola Universidade de Vigo.

- Recibiuse un escrito do VOAP no que se informaba do acordo do Consello de Goberno celebrado o 20 de marzo de 2017 onde se aprobou a proposta de PDA da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o curso 2017/18, así como os departamentos de adscrición. Todas as adscricións foran aprobadas en Xunta de Escola, agás a adscrición da materia Xeoloxía que finalmente foi adscrita ao departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio na súa totalidade en base a que este departamento solicitou a adscrición completa da materia e de que podería impartila con profesorado permanente.

- O 22 marzo celebrouse na Escola a entrega do Premio ao Mellor expediente Académico da III promoción dos graos.
 - Grao IRME: Luís Gandarela Campos. Concedido por COITM Galicia.
 - Grao IE: José Ignacio Iglesias Prado. Concedido por Acluxega.

A dirección agradece a iniciativa e á subdirectora María Araújo a organización do acto.

- A subdirectora María Araújo asisitíu o 30 de marzo á xornada informativa “Actualización de Normativa” celebrada en Santiago de Compostela e organizada pola Cámara Mineira.

- A Dirección participou o 6 de abril nunha mesa de orientación universitaria con representantes da Universidade de Santiago na “Xornada de Orientación Universitaria e Profesional” (XOUP) celebrada en A Coruña.

- Desde o 13 de marzo ata o 31 de maio de 2017 están abertas as enquisas para o profesorado e para o estudiantado de 3º de grao e de máster. Realizáronse diversas accións para a súa difusión. Anímase a estudantes e profesorado a participar.

- O 3 de maio celébrase a 2ª “Xornada Atlántica Xeoespacial” na EE de Telecomunicacións, organizada polo Máster en Xeoinformática adscrito ao centro. A dirección participará no acto de apertura e agradece esta iniciativa a Higinio González, coordinador da xornada, e anima ao profesorado e estudiantado a asistir.

- O 6 de maio celébrase a actividade de difusión do patrimonio xeolóxico “Geolodía 17” na contorna de Tomiño e dedicado ao ouro. Espérase a participación de 120 persoas. A actividade está a ser coordinada polo profesor Bienvenido Díez Ferrer, coa colaboración de profesorado de Ciencias do Mar e da EME (Teresa Rivas Brea e Natalia Caparrini). A dirección anima a todo o profesorado e estudiantado que queira a participar.
- A Vicerreitoría de Economía e Planificación convocou unha vía de equipamento informático para o PDI que non pode actualizar os equipos informáticos dos seus despachos, sendo os criterios para participar non ter un equipo dado de alta nos últimos cinco anos ou ter equipos danados que xa non estean en período de garantía.

Para determinar o alcance das necesidades da Escola e poder asignar unha orde de prioridade enviouse un correo electrónico ao profesorado informando da convocatoria e dando de prazo ata o 5 de maio para remitir as solicitudes ao negociado de asuntos xerais.

3. Aprobación, se procede, do tribunal para a materia “Tecnoloxía Medioambiental”.

Un alumno da escola solicitou ser avaliado na materia “Tecnoloxía Ambiental” por outro profesor dado que se atopa nun proceso de recusación contra o profesor responsable da materia.

O procedemento a seguir está establecido no artigo 9 das “Normas de xestión académica para titulacións de grao” e reguladas polo real decreto 1393/2007:

... “Os tribunais serán designados pola Xunta de Facultade ou Escola entre o profesorado con vinculación permanente á universidade, oídos os Departamentos con responsabilidade na materia”...

Desde a Dirección solicitouse ao Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medioambiente a proposta dun tribunal de tres membros entre ou profesorado estable da Universidade de Vigo que estime que reúnen as competencias necesarias para avaliar a materia de “Tecnoloxía Ambiental” podendo recorrer a profesores do departamento encargado da docencia de dita materia ou doutros departamentos, que sexan membros ou non da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

O Consello de Departamento, na súa reunión celebrada o día 25 de abril de 2017, acordou propoñer un tribunal formado por profesores da área afín de Enxeñaría Química. Oído o Departamento propónse o nomeamento do seguinte tribunal:

- Estrella Álvarez da Costa

- Xosé Ramón Nóvoa Rodríguez
- Ángel Sánchez Bermúdez

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento do tribunal proposto.

4. Aprobación, se procede, da Comisión de Redacción do Máster en Xeoinformática.

A Comisión Académica do Máster en Xeoinformática propón o nomeamento da seguinte Comisión de Redacción:

- Presidente: Dr. Higinio González Jorge. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Universidade de Vigo.
- Secretario/a: Dr. Miguel Ángel Rodríguez Luaces. Facultade de Informática. Universidade da Coruña.
- Vogal: José Ramón Ríos Viqueira. Escola Técnica Superior de Enxeñaría. Universidade de Santiago de Compostela.
- Vogal: Pedro Arias Sánchez. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Universidade de Vigo.
- Vogal: Óscar Pedreira Fernández. Facultade de Informática. Universidade da Coruña.
- Vogal: David López Vilariño. Escola Técnica Superior de Enxeñaría. Universidade de Santiago de Compostela.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta da Comisión de Redacción do Máster en Xeoinformática.

5. Aprobación, se procede, da Memoria do Máster en Xeoinformática.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo III).

A directora fai unha presentación da memoria na que se inclúe agora profesorado das tres universidades galegas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a Memoria do Máster en Xeoinformática.

6. Aprobación, se procede, do Calendario Escolar para o curso 2017-2018.

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo IV).

O calendario escolar para 2017-18 é unha proposta para os dous graos impartidos na Escola. Nesta proposta inclúese unha data, o 5 de outubro, como fin de prazo interno de entrega de actas correspondentes á convocatoria de fin de carreira.

A directora presenta tamén o calendario de TFG elaborado coas datas máis relevantes para a tramitación do TFG.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Calendario Escolar para o curso 2017-2018, así como o calendario de TFG.

7. Aprobación, se procede, do reparto para os laboratorios docentes.

Recibiuse da Vicerreitoría de Economía e Planificación unha comunicación sobre a asignación da repartición para equipamento de laboratorios docentes para o ano 2017. O importe total da dotación é de 30.177,89€.

Desta asignación, emprégase unha parte para a adquisición de material docente inventariable polas áreas e outra parte para a compra de software e equipamento para os laboratorios de informática por parte do centro. Dado que este ano habería que renovar equipos nun dos laboratorios de informática e comprar software, a dirección presenta a seguinte proposta de reparto:

HISTÓRICO LABORATORIOS DOCENTES			
CURSO	TOTAL	CENTRO	ÁREAS
2013-14	23.991,20	2.000,00	21.991,20
2014-15	25.714,31	14.765,31	10.949,00
2015-16	28.285,74	10.291,94	17.993,80
2016-17	28.992,90	10.000,00	18.992,90
2017-18	30.177,89	15.000,00	15.177,89

A Xunta de Escola aproba por asentimento o reparto para os laboratorios docentes.

8. Aprobación, se procede, dos informes de actividade docente para profesorado contratado.

Para poder presentar a solicitude de quinquenios, solicitaron informe da súa actividade docente os seguintes profesores contratados

- Don Luis Lugo Latas (Área de Física Aplicada)

Período: 16-11-2009 / 22-03-2017.

- Dona Verónica Salgueiriño Maceira (Área de Física Aplicada)

Período: 21-01-2013 / 31-07-2017.

A directora informa de que non hai incidencias rexistradas destes profesores e de que a Comisión Permanente, na súa reunión celebrada o 4 de abril de 2017, informou favorablemente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os informes de actividade docente para profesorado contratado.

9. Aprobación, se procede, de subvención para o Cartel des Mines 2017.

Recibiuse a solicitude, por parte dun grupo reducido de alumnos da Escola, dunha subvención para asistir ao Cartel des Mines 2017. Debido ao reducido número de alumnos participantes, entre 6 e 8, e a que este ano non é preciso a presentación de aval, a dirección propón ofrecer unha subvención de 400€.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a subvención para o Cartel des Mines 2017.

10. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai documentación.

11. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e seis de abril de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Directora

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 26/04/2017

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 26/04/2017

ANEXO III

Memoria do Máster en Xeoinformática.

ANEXO IV

Calendario Escolar e TFG 2017-18:

- **Calendario Escolar 2017-18.**
- **Calendario TFG 2017-18.**